

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA CONVIVENCIA SEGURA E FOMENTO DA PARTICIPACIÓN INFANTIL NO ÁMBITO DO ACOLLEMENTO RESIDENCIAL

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024 do 22 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución do 8 de abril de 1991 (*Diario Oficial de Galicia* nº 82, do 30 de abril de 1991).

E doutra, dona Mónica Viqueira Martínez, con DNI 46919702R, en calidade de presidenta da Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia, con NIF G70556360, actuando en nome e representación dela, segundo o acordo do seu nomeamento adoptado pola Asemblea Xeral da dita asociación o día 5 de marzo de 2024 e coas funcións que se recollen no artigo 22 dos estatutos, con código do rexistro de asociacións de Galicia 2018/022401-1 e data de alta no rexistro 06/06/2018, da Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia.

Ambas as dúas partes, no nome e representación na que concorren, recoñécense con capacidade legal suficiente para subscribir o presente convenio,



EXPOÑEN

Primeiro. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo. Que a Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España dende o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro. Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro e, en virtude da dita competencia aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica, ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e ten entre as súas funcións e competencias as relativas á protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto



42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, na Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

Quinto. Que a Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia, que figura inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia co número 2018/022401-1, é unha asociación de persoas xurídicas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia, autónoma das súas entidades asociadas, e con plena capacidade de obrar, que actúa no territorio galego, sen prexuízo de realizar actuacións estatais e internacionais a favor do bo trato á infancia e á adolescencia en Galicia. Así mesmo, está enmarcada no marco xeral de acción da Plataforma da Infancia Estatal, nada no ano 1997, coa misión de xuntar esforzos entre as entidades sociais para protexer, promover e defender os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes conforme á Convención sobre os Dereitos do Neno de Nacións Unidas do 20 de novembro de 1989.

A Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia pretende ser a voz en espazos participativos das organizacións que traballan polos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes, de modo que esta unión de organizacións, entidades e asociacións, facilite a participación, decisións e realización de acordos ou accións relacionadas co benestar da infancia.

Sexto. O obxectivo Xeral da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia é a protección e promoción dos dereitos da infancia recollidos na Convención sobre os Dereitos do Neno de 20 de novembro de 1989.

Son obxectivos específicos:

- a) Impulsar as políticas xerais e sectoriais que estean dirixidas a incrementar o benestar da infancia, en especial o daqueles nenos e nenas en situacións de risco individual e social.
- b) Denunciar e facer un seguimento de todas as situacións de vulneración dos dereitos da infancia por parte das institucións públicas, do sector privado, dos particulares, dos medios de comunicación social ou da opinión pública.
- c) Sensibilizar á sociedade galega para o coñecemento e o respecto dos dereitos da infancia.



- d) Desenvolver o diálogo, a colaboración e a participación en todos aqueles organismos públicos e privados que teñen ou poidan ter influencia no benestar da infancia e na aplicación dos dereitos da infancia.
- e) Promover a participación e o asociacionismo da infancia de todas aquelas organizacións comprometidas na aplicación dos dereitos da infancia e na calidade de vida dos nenos e nenas.
- f) Facilitar o diálogo entre organizacións de infancia de Galicia xerando presenza, opinión e participación das organizacións de infancia na realidade social e situando á infancia como suxeito activo de dereitos segundo a Convención sobre os Dereitos do Neno.
- g) Dar a coñecer a realidade da infancia na Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) Favorecer a coordinación entre asociacións que traballan por/para e coa infancia.
- i) Formar parte desde Galicia na Plataforma de Organizaciones de Infancia de España, así como en calquera outro organismo que desenvolva un traballo acorde con estes obxectivos e dos que poida formar parte na súa calidade de entidade privada representativa do sector.

Sétimo. Que na actualidade resulta preciso establecer medidas de promoción da convivencia segura e fomento da participación infantil no ámbito do acollemento residencial, de xeito complementario á proporcionada a través dos recursos das administracións públicas.

De acordo con iso, a Consellería de Política Social e Igualdade considera que a colaboración a través da concesión dunha subvención pública directa permite o fomento das actuacións descritas na cláusula segunda do presente convenio que cumpren, indubidablemente, unha función de interese social en consonancia co establecido nos artigos 19.4 c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Oitavo. Que o carácter singular deste convenio vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario. Debido a que o obxecto do convenio consiste en promover a mellora da convivencia dos nenos, nenas e adolescentes que xa se atopan en centros de acollemento residencial concretos e que a Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia é a única entidade que aglutina entre as súas entidades asociadas a aquelas que



executan este programa nestes centros, estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrencia de ofertas.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é contribuír ao financiamento durante o ano 2024 por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, a través da concesión directa dunha subvención pública á Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, do programa de promoción da convivencia segura e fomento da participación infantil no ámbito do acollemento residencial.

O obxectivo xeral deste programa é promover a convivencia segura e o fomento da participación infantil no ámbito do acollemento residencial, garantindo os dereitos dos e das menores e o seu benestar emocional, social e educativo.

Os Obxectivos Específicos que se pretenden acadar no ámbito deste convenio, estruturados por áreas prioritarias de acción, son os seguintes:

Área 1: Convivencia Segura

- Promover unha contorna segura para os e as menores.
- Prever a violencia e fomentar a resolución pacífica de conflitos.

Área 2: Participación Infantil

- Involucrar aos e ás menores nas decisións que afectan á súa vida diaria e ao funcionamento do centro.
- Promover a mellora da participación activa e o empoderamento dos e das menores.

Área 3: Calidade do Servizo e Benestar Emocional



- Garantir a mellora do coidado integral que priorice o benestar emocional dos e das menores.

Área 4: Sensibilización e Visibilidade

- Aumentar a visibilidade dos dereitos dos e das menores e a importancia do acollemento residencial.
- Fomentar a sensibilización da sociedade respecto á situación dos e das menores acollidas.

Área 5: Formación e Capacitación do Persoal

- Mellorar as competencias do persoal.
- Promover o desenvolvemento profesional continuo das persoas traballadoras.

Área 6: Avaliación e Mellora Continua

- Asegurar a mellora continua dos servizos ofrecidos.
- Incorporar a voz dos e das menores e o persoal no proceso de avaliación e mellora.

Área 7: Colaboración con Entidades Externas

- Fomentar a colaboración con entidades do ámbito social, educativo e de saúde.
- Mellorar a rede de apoio dispoñible para os e as menores en acollemento.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

Serán obxecto de subvención as actuacións que a continuación se relacionan:

1. Actuacións de cara a lograr unha Convivencia Segura: entre as que se inclúen protocolos de prevención, protección de datos e capacitación do persoal nos ámbitos concretos de prevención da violencia, sobre convivencia positiva e a participación infantil.

2. Actuacións encamiñadas á Participación Infantil : nesta liña inclúense a incorporación de recursos educativos que promovan a participación infantil e o empoderamento das nenas, nenos e adolescentes, e o intercambio de experiencias.



3. Actuacións que redunden na Calidade do Servizo e Benestar Emocional : inclúense nesta liña a avaliación do nivel do benestar das persoas menores e dos plans de mellora da convivencia e participación infantil.

4. Actuacións de Sensibilización e Visibilidade, especialmente dirixidas a comunicación sobre a importancia da participación infantil e a convivencia segura.

5. Actuacións de Formación e Capacitación do Persoal de atención: entre as que se inclúen a organización de obradoiros sobre xestión emocional, técnicas de intervención socio-educativa e sobre participación infantil.

6. Actuacións de Avaliación e Mellora Continua: que incidan na recollida da opinión dos e das menores e das persoas profesionais dos servizos de atención e así mesmo, o deseño, execución e certificación de plans de mellora, conciliación e igualdade.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións a subvencionar a través deste convenio ascende a oitocentos oitenta e oito mil setecentos trinta e seis euros e vinte e oito céntimos 888.736,28 €, que serán achegados pola Consellería de Política Social e Igualdade. O dito importe será imputado á aplicación orzamentaria 38.02.312B.481.0, código de proxecto 2016 00174, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

CUARTA. Obrigas da entidade

1. A Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia deberá cumprir as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiaria previstos no artigo 10 da mesma norma. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

a) Acreditar a realización dos gastos subvencionables, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007,



do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto no presente convenio.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto das actuacións a subvencionar a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade" co seu respectivo logotipo.

h) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



QUINTA. Documentación previa

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coa relación de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para as mesmas actividades, ou, se fora o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total dos gastos subvencionables ás entidades.

SÉTIMA. Forma de pagamento

- 1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- 2. O pagamento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:



Realizarase o pagamento da totalidade da subvención unha vez asinado o presente convenio, efectuados todos os gastos subvencionables e achegando a documentación indicada na cláusula oitava.

3. Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución dun procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

OITAVA. Gastos subvencionables e xustificación

1. Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade **á finalización do período de xustificación que remata o 31 de decembro de 2024.**

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal e o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada, e derivado das contratacións de servizos precisos para a súa debida execución no marco do disposto no presente convenio.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, asinados pola persoa con capacidade da entidade beneficiara. Este pagamento debe referirse a gasto de accións realizadas obxecto da concesión da subvención. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas.

No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ás actuacións subvencionadas, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega



do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados especificando o pago das actuacións a subvencionar; orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín da persoa provedora.

2. A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actuacións obxecto da concesión da subvención a través do convenio e en todo caso con data límite 31 de decembro do 2024, achegando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha memoria final das actuacións desenvolvidas en execución deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa, número de persoas beneficiarias en cada actividade e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.

2º. Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación, e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicárase neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

Cando se trate de gastos en bens consumibles pode requirírselle á entidade un informe xustificativo dos consumos realizados, da relación coa actuación, da razoabilidade das cantidades consumidas e do seu custe.

3º. Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia.

4º. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen as actuacións a subvencionar a través deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.



5º. No suposto de gastos de importe superior a 15.000,00€, os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba ter solicitado a Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia.

6º. Se fose o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

3. A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no número anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora de contas inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, achegarase o informe da revisión efectuada pola persoa auditora de contas, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

a) Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución deste convenio previstas no anexo II, así como en relación aos conceptos de gastos considerados como subvencionables que se relacionan na cláusula segunda.

b) Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada no número 2 letra b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, deberase indicar na relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, que estes son "Subvencionados pola Consellería de Política Social e Igualdade" e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

c) Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula.

d) Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.



e) Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións a subvencionar a través do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

A Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei. O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobro da subvención, o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas de decembro, documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de Liquidacións de Cotizacións (RLC) de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2024, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2025.

5. Toda a documentación xustificativa dos gastos a subvencionar a través deste convenio deberá ser asinada pola persoa representante de Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia.

NOVENA. Incumprimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións subvencionables a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de reintegrar total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

Entenderase incumplida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola entidade beneficiaria se inclúsen gastos que non respondesen á actividade subvencionada, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa



financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se fora o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actuacións a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, debendo reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMA. Inexistencia de relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal, que, no seu caso, precise para o seu desenvolvemento.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

DÉCIMO PRIMEIRA. Comisión de seguimento e control



Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia, designadas por cada unha das persoas titulares que representan ás partes asinantes así como as persoas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da consellería, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de familia e infancia.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de familia e infancia, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Non obstante, os gastos das actuacións subvencionadas a través do presente convenio que presentase a Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia dende o 1 de xaneiro de 2024, tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO TERCEIRA. Transparencia e bo goberno

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo



que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e



e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.



As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a acto fose expreso, se non o fose, poderase interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Poderase interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso, se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE

A PRESIDENTA DA PLATAFORMA DE
ORGANIZACIÓNS DA INFANCIA DE GALICIA

Fabiola García Martínez

Mónica Viqueira Martínez



Anexo I

Distribución Orzamento por conceptos de gastos

TÁBOA DE CONCEPTOS	Orzamento en euros
A) GASTOS DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN (coordinación, administración e execución das actuacións a subvencionar)	173.930,96
B) ACTIVIDADES CONFERENCIAS E OBRADOIROS	16.578,00
C) GASTOS DE PERSOAL (nóminas do persoal que realiza as actuacións a subvencionar no eido do convenio)	621.477,49
D) DIETAS E DESPRAZAMENTOS do persoal que realiza as actividades do programa	30.047,04
F) OUTROS GASTOS (material de oficina, material didáctico, diversos) asociados á actividade do programa	46.702,79
Total Convenio	888.736,28



ANEXO II.

Áreas de Actuación do programa PROMOCIÓN DA CONVIVENCIA SEGURA E FOMENTO DA PARTICIPACIÓN INFANTIL NO ÁMBITO DO ACOLLEMENTO RESIDENCIAL

Área 1: Convivencia Segura:

- Establecemento de protocolos de prevención e actuación ante situacións de violencia.
- Implementación de medidas de seguridade nos centros de atención residencial tales como a protección de datos e prevención de riscos laborais.

Área 2: Participación Infantil Actuacións:

- Facilitación do acceso a recursos educativos que promovan a participación infantil e o empoderamento dos nenos, nenas e adolescentes.
- Promoción do intercambio de experiencias entre menores de diferentes centros para fomentar a participación e o desenvolvemento de habilidades sociais.

Área 3: Calidade do Servizo e Benestar Emocional Actuacións:

- Realización de avaliacións periódicas do benestar emocional dos e das menores.
- Capacitación do persoal que realiza as actividades do programa en metodoloxías centradas no apego, desenvolvemento emocional e participación infantil.
- Fortalecemento dos recursos humanos dos centros de atención residencial para a execución de plans de mellora da convivencia e a participación infantil.

Área 4: Sensibilización e Visibilidade Actuacións:

- Desenvolvemento de campañas de sensibilización sobre os dereitos da infancia.
- Mantemento da web e redes sociais para a publicación de materiais informativos e educativos relacionados con este programa, isto é, en relación á importancia da participación infantil e da convivencia segura.

Área 5: Formación e Capacitación do Persoal de atención:



- Organización de talleres e seminarios sobre xestión emocional, prevención da violencia e técnicas de intervención socio educativa e participación infantil.
- Promoción e facilitación de asistencia a formación continuada para a mellora das competencias profesionais dos equipos técnicos que promova unha mellora da convivencia e da participación infantil.

Área 6: Avaliación e Mellora Continua Actuacións:

- Implementación de sistemas de avaliación e mellora continua que recolla opinións de menores e traballadores.
- Realización de auditorías internas e externas para avaliar o cumprimento de estándares de calidade e cumprimento normativo.
- Deseño, execución e certificación de plans de mellora, conciliación e igualdade.
- Optimización da estrutura interna para mellorar a coordinación, administración e execución das actuacións, apoiada mediante a provisión de recursos humanos para o desenvolvemento do programa e ferramentas que faciliten a operatividade diaria.
- Apoio ao correcto desempeño profesional do persoal a través de desprazamentos e dietas que faciliten a realización das súas funcións de coordinación e administración.

Área 7: Colaboración con Entidades Externas Actuacións:

- Establecemento de alianzas e participación en redes e plataformas de entidades que persigan os fins deste proxecto.
- Promoción do voluntariado como apoio en actividades educativas e recreativas.

